



CENTRO GALEGO DE BARCELONA,

11/10/2014

Outro poeta

2 Seguimos a falar das nosas letras e neste caso dun poeta ao que desde hai anos se intenta que sexa elevado á categoría do Día das Letras Galegas. Falamos de **Manuel Rodríguez López**, de Paradela. O Centro Galego de Barcelona inaugurou, cun coloquio, unha mostra sobre a súa figura. Era cualificado como «o poeta obreiro». O acto estivo presidido polo secretario xeral de Política Lingüística, **Valentín García**.



Acto no Centro Galego de Barcelona en lembranza do poeta de Paradela Manuel Rodríguez.



Notas de prensa

Exposición: Manuel Rodríguez López, no Centro Galego de Barcelona

Inaugurouse no Centro Galego de Barcelona a exposición Manuel Rodríguez López, emigrante galego-poeta obreiro, promovida por Galicia Digital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradelas, o Concello de Lugo, a Vicepresidencia da Deputación Provincial, a Xunta de Galicia e a Real Academia Galega (RAG).



Na emigración catalana escribiu este autor a maior parte da súa obra, sendo o cronista do Centro Galego que agora acolle a súa exposición e forxador dun vencello cultural e social entre os “Galegos en Catalunya” (así se titulan dúas das súas obras) e Galicia.

A inauguración foi presidida por Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, acompañado pola familia do escritor (Irene, a súa viuva, e os seus fillos Enrique e Santiago); Xavier Cortés, Responsable de relacións da Generalitat coas Casas rexionais; Manoel Carrete, Presidente do Centro Galego; Domingo Balboa, Presidente da Federación de Centros Galegos; o escritor Xosé Lois García, e Antonio Giz, Director de Galicia Digital. Ademais das intervencións dos mencionados, deuse lectura a mensaxes do Alcalde de Paradela, José Manuel Mato, e de Xesús Alonso Montero, Presidente da Real Academia Galega. O cantautor lucense afincado en Barcelona, Alfredo González Vilela interpretou temas con letra de Manuel Rodríguez López.

A exposición permanecerá en Cataluña ata finais de ano, percorrendo –despois de dúas semanas no Centro Galego– outros centros galegos daquela Comunidade. Con motivo desta exposición, o Centro Galego de Barcelona acordou nomear Socio de Honra da entidade a título póstumo a Manuel Rodríguez López, distinción que lle será entregada á súa viuva e fillos nun acto a celebrar en Lugo, na Sala Sargadelos, a comezos do mes de novembro.

Xulio Xiz (Galiciadixital.com), 2014-10-14

Opinión en Galicia

Manoel Carrete, do Centro Galego de Barcelona

viernes, 07 de noviembre de 2014



Esta fin de semana celébranse na provincia de Lugo dous actos vinculados entre si pola persoa do seu protagonista: Manoel Carrete, Presidente do Centro Galego de Barcelona.

En primeiro lugar, o venres, na Galería Sargadelos, ás oito da tarde, o Presidente do Centro Galego de Barcelona vaille entregar á familia do escritor Manuel Rodríguez López o título de Socio de Honra da entidade a título póstumo, cando está a punto de cumprirse un cuarto de século do seu pasamento.

E na tarde do sábado, en Quiroga, O Concello vai entregar a Medalla de Ouro de Quiroga a Manoel Carrete, de familia procedente daquel concello, polos relevantes méritos demostrados na defensa dos valores galegos e quirogueses.

O punto de unión dos dous acontecementos, é o centro galego de Barcelona, e o seu presidente, un rapaz que responde ao nome de Manoel Carrete, un mozo entusiasta que aínda que naceu en Barcelona -de pais galegos- derrocha galeguismo e goberna aquela veterana e entrañable entidade coa ledicia e o entusiasmo dos galegos máis rextos que saben que a emigración galega en Catalunya é un mundo vivo e fervoroso, con importante actividade galega na diáspora, que tivo con Galicia un vencello entrañable e firme a través de Manuel Rodríguez López, cronista do Centro Galego e dos Galegos en Catalunya, aos que dedicou boa parte da súa obra, galega do exterior e por iso máis meritoria e digna de aprecio.

Fanse, pois, en terras lucenses, dous actos de xustiza: Un deles, do Centro Galego con Manolo Rodríguez, por tantos servizos e tanta dedicación. E o outro, do Concello de Quiroga ao Presidente do Centro Galego, responsable de facer xustiza co escritor.

Nun tempo no que o asociacionismo está na corda floxa polas repercusións desta longa e infamante crise, que unha sociedade galega no exterior acuda a Lugo para facer patente unha homenaxe, e que o Presidente desa sociedade sexa honrado na terra dos seus pais, contitúe unha dobre noticia magnífica que reconforta e acredita que neste país aínda é posible a convivencia porque hai momentos, lugares e persoas para as que as palabras Cultura e Irmandade se escriben con maiúscula.



Xiz, Xulio



Opinión en Galicia

Manoel Carrete e Manuel Rodríguez López

jueves, 06 de noviembre de 2014

DOUS FILLOS DOS QUE A TERRA NAI PODE SENTIR FACHENDA

O venres día 7 ás 8 da tarde na Galería Sargadelos de Lugo o Presidente do Centro galego de Barcelona, Manoel Carrete, faralle entrega á familia de Manuel Oreste Rodríguez López do título póstumo de socio de honra do Centro que preside.

Abofé que me aleda moito a distinción, porque Manolo Rodríguez foi -segue sendo desde outra dimensión- un gran amigo e a súa familia tamén. Sei ben que lle sobran méritos pra ese recoñecemento que, sen papeis, moitos xa lle tiñamos outorgado.

Alédame que o Centro Galego de Barcelona recupere memoria. E alédame que o faga da man deste Presidente novo, Manoel Carrete. Novo por idade e novo por ideais renovados. A el, o día seguinte, o 8, faralle entrega o Concello de Quiroga da Medalla de Ouro. Hoxe envío a Galicia Dixital, na que me consta que ambos homenaxeados teñen abondosos amigos e recoñecemento, un escrito co que no seu día me adherín á petición da Medalla de Ouro a Carrete, coa satisfacción de saber que lle foi concedida.

Satisfactorio é tamén que o Concello de Paradela teña recoñecido os Méritos de Manolo Rodríguez valorándoo como Fillo Predilecto.

“Señor Alcalde do Concello de Quiroga

Coñecín a Manoel Carrete o día 20 de setembro deste ano 2014 na caurelesa e churrusqueira Seara, enchoupando unha vez máis as súas raíces na húmida terra nutricia. Poucos días antes, da man do cura Cosme Insua e da mestra Pepita Rego, que estiveran por alí hai corenta anos e deixaran bo recordo, coñecera e xa admirara, a seu pai, emigrante en Cataluña que retornou a Galicia o mesmo día que se xubilou e que soubo sementar no fillo, que tivera a desgraza de nacer fóra por mor dun exilio forzado, o amor á terra nai, axudándolle agarimosamente a atopar nas terras do Concello de Quiroga, e máis en concreto nas do Caurel, un colo de saudades, dalgún xeito sucedáneo do agarimoso e insubstituíble colo materno que o fillo tivera a desgraza de perder prematuramente.

O meu coñecemento de Manoel Carrete é , xa que logo, de onte coma quen di, pero podo afirmar con verdade que é un coñecemento intenso. Permítaseme dar só unha razón: Pola miña condición de operado de larinxe podo falar pouco e iso tén a vantaxe de levarme a aprender a escoitar máis e, ao escoitar mellor ás persoas, tamén podo observalas máis repousadamente e así ter máis elementos de xuízo en menos tempo.

Pois ben, polo que días antes lle escoitara ao pai e a algúns veciños e polo que eu mesmo puiden observar o día 20, penso que Manuel Carrete tén moito de excepcional. Non son eu quen deba escribir a súa biografía e menos en tan curto espazo, pero, se damos por bo o dito de Ortega: “Yo soy yo y mi circunstancia”, as circunstancias que rodearon a nenez, mocidade e primeiros anos de adultez de Manuel e a súa traxectoria ata hoxe forxaron unha personalidade que ben pode ser referente para moitos outros, e andamos escasos de

referente válidos, especialmente para presentárllelos a unha xuventude que está aprendendo e que todos desexamos que teña modelos de identificación da mellor calidade.

Penso que un dos grandes condicionantes da personalidade e ao mesmo tempo un dos primeiros elementos de identidade é o amor á propia terra nai, sen menosprezo das nais dos outros, pero tamén sen complexos da propia. Hai mostras abondosas do amor de Manuel Carrete a Galicia, aínda tendo nacido en Cataluña e amando tamén aquelas terras. Non quero xogar a psicólogo, pero teño entendido que un dos males da emigración foi criar fillos de ningures con un fondo sentimento de orfandade. Por fortuna non é o caso de Manoel Carrete, orfo de nai, pero non de matria. Sabe onde tén as raíces e mesmo ten demostrado sentir fachenda das mesmas, fronte a complexos ou desleigamentos de outros.

Se tivese nacido no Concello de Quiroga coido que xa sería merecente do título de Fillo Predilecto na diáspora, pero, como non pode concedérselle esa distinción, únome á petición da medalla de Ouro do Concello a fin de salientar os seus méritos entre os que, polo que sei, está o feito de mostrarse fachendoso das súas vinculacións afectivas e de sangue con Quiroga e co Caurel. Estou ben seguro de que sen Manuel o Concello de Quiroga sería menos coñecido e apreciado e, en consecuencia, menos universal.

Tamén teño a seguridade de que este Concello, rico en bos viños e mellores persoas, tivo, tén e terá outros descendentes egrexios, por liña directa ou colateral, que poidan merecer a medalla de Ouro Municipal, pero creo que Manoel Carrete tamén tén méritos suficientes e quizabes especialmente meritorios polo feito de aprender a amar e seguir amando “a distancia”. Desde a Galicia da

diáspora.

Pola miña admiración afervorada e agradecida aos galegos emigrados. Pola dor polos fillos desta Terra que tiñan que ter nacido aquí, pero por mil malfadadas circunstancias naceron fóra e por unha certa vinculación co Centro Galego de Barcelona, grazas inicialmente a Manuel Oreste Rodríguez López, e con outros centros galegos de Cataluña e mesmo co de Buenos Aires e, sobre todo, polo meu curto, pero intenso coñecemento de Manoel Carrete, ouso dicir humildemente que o Sr. Alcalde e a Corporación Municipal do Concello de Quiroga, honrando a Manoel Carrete, hóñranse a si mesmos e honran, como bos fillos, ao Concello, que lamenta que este tamén fillo seu non o sexa por nacencia natural.

Moi atentamente, en Samartiño de Goberno de Castro de Rei, a 13 de outubro de 2014.”

(Xosé Manuel Carballo Ferreiro é Crego rural)



Carballo, Xosé Manuel

Opinión en Galicia

Exposición Itinerante de Manuel Rodríguez en Barcelona

martes, 14 de octubre de 2014

O POETA OBREIRO-EMIGRANTE, MANUEL RODRIGUEZ LÓPEZ de volta a Barcelona, a que foi a sua casa cultural o CENTRO GALEGO.



Este pasado sábado 11 de Outubro ás 7 da tarde, celebrouse o acto de homenaxe-inauguración o que foi o poeta e cronista da comunidade galega en Catalunya, durante os anos 70 e 80. Un acto emotivo por tratarse de un personaxe tan popular para todos os galegos e especialmente o socios do Centro Galego, no que foi socio e directivo, colaborando en todol as veces que foi preciso facer crónica de actos e festas de calqueira centro que empezaron a fundarse nos anos en que él facía de corresponsal da prensa galega.

O acto consiste en suliñar a vida e obra de noso querido poeta,

e preténdese con elo, reclamar e facer posible que algún ano sexa nomeado como persoeiro merecedor das Letras Galegas.

Nesta tarefa están implicados e son alma mater do proxecto, os directivos de GALICIA DIXITAL, Sr. Xulio Xiz (Fundador) e o seu fillo, Sr. Antonio Xiz (Presidente), e contan co apoio da Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, Concello de Lugo, Concello de Paradela, e Real Academia Galega, así como de moitos persoeiros da cultura en Galicia.

O acto en Barcelona, foi un gran éxito en canto a organización e asistencia de público, no que o salón de actos estaba totalmente cheo.

Despois dos agradecementos o público e as autoridades de persoanaxes vidos algúns dende Galicia por parte do presidente Sr. Manoel Carrete, comezou e fixo de presentador, o Sr. Xulio Xiz, quen explicou o fin da expo-itinerante e os méritos literarios do poeta homenaxeado e para todos familiar por haber traballado e vivido a maior parte da súa via entre o nos. UN GALEGO, EMIGRANTE, POETA OBREIRO.

A continuación, o cantautor galego, Alfredo González Vilela, amigo personal do poeta e compañeiro de traballo un tempo, interpretou unha cantiga composta por él ca letra do poema A EMIGRANTE de Manuel Rodríguez, que foi dedicada a súa vidua IRENE , presente no acto. Un poema cheo de sentimento e defensa do feminismo galego e a loa da muller galega na emigración.

De seguido, o Sr. Antonio Xiz, presentou a datos do proxecto itinerante e dos medios publicados por internet en páxina

propia para a sua divulgación e que todos poden consultar en=
<http://manuelrodriguezlopez.org/> donde poden ver o relato da
sua vida, videos, obras, música, etc. así como ler a sua obra
completa.

Os fillos de Rodríguez, Enrique e Santi, asistiron tamén o acto,
e neste caso, tomou a palabra en nome da familia Santi, para
agradecer a asistencia tan numerosa de tantos amigos como o
seu pai tiña no Centro Galego e noutros que tamén asistiron.

Tamén dixo unha fermosas palabras, o amigo personal e poeta
galego, XOSE LOIS GARCIA, que destacou a boa vontade que
tiña o seu amigo o servizo a comunidade por facer chegar as
noticias desta emigración a prensa da nosa terra.

Como peche final do acto, tomou a palabra o Secretario Xeral
de Política Lingüística da Xunta, Sr. VALENTÍN GARCÍA
GÓMEZ, quen destacou a importancia que tubo para a nosa
lingua a obra de Manuel Rodríguez, e invotounos a ler e
disfrutar dos seus poemas e contos que teñen as raíces no
mais profundo a nosa terra.

Antes de dar fin o acto e pasar a tomar un aperitivo galego, de
novo o cantautor Alfredo González Vilela, interpretou unha
CANTIGA DE CEGO, poema de Manuel Rodríguez, e
musicado por o cantautor; que narra a historia de LUGO, como
cidade fortificada aló por o ano 460 da nosa era, e que xa se
avistaba o nacemento dunha nación unida e consolidada.

Honraron este acto ca sua presenza, por parte de la
Generalitat, o Sr.F.XAVIER CORTÉS MORROS, Responsable
de Relacions Cases Regionals, o Sr.. XOSÉ CARLOS GARCIA
GONZÁLEZ, presidente de XUNTANZA GALEGA ,o Sr.

DOMINGO BALBOA AMOR, como presidente da FEDERACION DE ENTIDADES GALEGAS EN CATALUNYA, Sr. MANUEL RODRÍGUEZ JULIAN directivo dO Centro Galego de Cornellá ROSALIA DE CASTRO, presidentes e directivos de moitas outras entidades , amigos e familiares do autor, os que agradecemos a súa asistencia e o entusiasmo con que foi acollido este evento.

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ,
EMIGRANTE EN BARCELONA
POETA
OBREIRO

UN DE NOS...
A FAMILIA GALEGA EN CATALUNYA.



González Vilela, Alfredo

[ver todas](#)

A exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, no Centro Galego de Barcelona

O sábado 11 de outubro, ás 19:00 horas, no Centro Galego de Barcelona, vai ser inaugurada a exposición “MANUEL RODRÍGUEZ LOPEZ, emigrante galego, poeta obreiro” que, promovida por [GaliciaDigital](#) e a familia do escritor, conta co apoio do Concello de Paradelá, Concello de Lugo, Deputación Provincial de Lugo (Vicepresidencia), Real Academia Galega e as Secretarías Xerais de Política Lingüística e Cultura da Xunta de Galicia.

Esta é a primeira parada dun percorrido que esta exposición realizará nos vindeiros meses por Cataluña, respondendo á fonda pegada que estas terras deixaron no autor ó longo da súa vida.

No mesmo acto presentaranse tamén as publicacións **MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ** (que recolle os contidos dos dezaseis paneis da exposición) e **ANTOLOXÍA** (feita por Santiago Rodríguez e Xesús Alonso Montero, e comentario do profesor e presidente da Real Academia).

Neste acto de inauguración teñen confirmada a súa participación o Presidente do Centro Galego de Barcelona, Manoel Carrete; o Secretario Xeral de Política Lingüística, Valentín García; o escritor Xosé Lois García; a viúva do escritor, Irene López; os seus fillos, Enrique e Santiago; e Antonio Giz, Director de GaliciaDigital.



A Mostra está formada por 8 paneis dobres nos que se expoñen de xeito moi gráfico anacos da vida e obra do escritor de Paradelá, fillo predilecto do seu concello natal. Chega esta exposición itinerante ó Centro Galego de Barcelona, despois de poder contemplarse en Paradelá, Lugo (Museo provincial), Begonte (Casa da Cultura), Sarria, Portomarín, Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego), Vilalba e A Coruña (Biblioteca Nodal da Coruña).

Máis información sobre o proxecto na súa web oficial:
www.manuelrodriguezlopez.org



Exposición sobre Manuel Rodríguez López en el Centro Galego de Barcelona

lugo / la voz

11 de octubre de 2014 16:27

El Centro Galego de Barcelona inaugurará hoy la exposición «Manuel Rodríguez López, emigrante galego, poeta obreiro», promovida por Galicia Digital y la familia del escritor, con el apoyo, entre otros, de los ayuntamientos de Paradela y Lugo, la Diputación y la Real Academia Galega. La muestra está formada por ocho paneles en los que se exhiben de forma muy gráfica fragmentos de la vida y la obra del Oreste. Será la primera parada del recorrido que la exposición realizará en los próximos meses por Cataluña.

LA VOZ DE GALICIA (Lugo)

11-outubro-2014

Exposición sobre Manuel Rodríguez López en el Centro Galego de Barcelona

LUGO / LA VOZ

El Centro Galego de Barcelona inaugurará hoy la exposición «Manuel Rodríguez López, emigrante galego, poeta obreiro», promovida por Galicia Digital y la familia del escritor, con el apoyo, entre otros, de los ayuntamientos de Paradela y Lugo, la Diputación y la Real Academia Galega. La muestra está formada por ocho paneles en los que se exhiben de forma muy gráfica fragmentos de la vida y la obra del Oreste. Será la primera parada del recorrido que la exposición realizará en los próximos meses por Cataluña.

Nota de prensa enviada hoxe:

Mañán, sábado, no Centro Galego de Barcelona vai ser inaugurada a exposición "MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ, emigrante galego-poeta obreiro" que, promovida por Galicia Digital e a familia do escritor, conta co apoio do Concello de Paradela, Concello de Lugo, Vicepresidencia da Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Real Academia Galega.

O acto terá lugar na sede do Centro Galego, ás 19,00 h. e nel intervirán Manoel Carrete, Presidente do Centro Galego de Barcelona; Antonio Giz, Director de Galicia Digital; Xosé Lois García, escritor e amigo; Santiago Rodríguez López, fillo (no nome da familia) e Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Actuará o cantautor lucense afincado en Barcelona Alfredo González Vilela, que cantará poemas de Manuel Rodríguez López, e fará a presentación Xulio Xiz.

No decurso do acto serán presentadas as publicacións "ANTOLOXÍA POÉTICA", de Santiago Rodríguez e Xesús Alonso Montero, EXPOSICIÓN MANUEL RODRIGUEZ LÓPEZ (folleto que recolle os contidos da exposición), así como as obras completas do autor en Internet, na súa web www.manuelrodriguezlopez.org.

A mostra, composta por 16 paneis que reflicten o máis destacado da vida e obra do escritor, estará exposta no Centro Galego durante dúas semanas, para logo visitar outras entidades galegas en Catalunya.

Agradécese a difusión.

Saúdos,

X.Xiz.



EL CENTRO GALLEGO ACOGE UNA MUESTRA QUE SERÁ ITINERANTE

Los gallegos de Cataluña piden las Letras Galegas para el poeta emigrante Manuel Rodríguez



Un momento del homenaje a Manuel Rodríguez, en el Centro Gallego de Barcelona.

I. Bande 15/10/2014 10:28 h.

[gallegos](#) | [cataluña](#) | [piden](#) | [letras](#) | [galegas](#) | [poeta](#) |

Este pasado sábado 11 de octubre, las instalaciones del Centro Gallego de Barcelona acogieron un acto de homenaje y la inauguración de una exposición que repasa la vida y obra de quien fue el poeta y cronista de la comunidad gallega en Cataluña durante los años 70 y 80: el emigrante gallego Manuel Rodríguez López. La cita cultural se convirtió en un emotivo acto, ya que el homenajeado era un personaje muy popular entre los gallegos de la Ciudad Condal, especialmente entre los socios del Centro Gallego, donde fue socio y

directivo encargado de hacer las crónicas de los actos y fiestas de las entidades gallegas.

El acto quiso dar a conocer la vida y obra de Manuel Rodríguez López, en el que se pretende que sea el pistoletazo de salida para reclamar que el conocido entre la colectividad como “poeta, obrero, emigrante” sea reconocido como protagonista de las Letras Gallegas.

En esta tarea están implicados los directivos de Galicia Digital, y cuentan con el apoyo de la Xunta de Galicia, la Diputación de Lugo, el Ayuntamiento de Lugo, el Ayuntamiento de Paradela, y la Real Academia Gallega, así como de muchas figuras de la cultura en Galicia.

El salón de actos del Centro Gallego estaba totalmente abarrotado. El presidente de la entidad, Manoel Carrete, quiso agradecer la presencia del público y de invitados llegados desde Galicia. A continuación, Julio Tiza, fue el encargado de dar a conocer la exposición, que será itinerante, así como los méritos literarios del homenajeado.

A continuación, el cantautor gallego, Alfredo González Vilela, amigo personal del poeta y compañero de trabajo durante un tiempo, interpretó una cantiga compuesta por él y con la letra del poema “La emigrante” de Manuel Rodríguez, que dedicó a su viuda Irene, presente en el acto. Un poema lleno de sentimiento y defensa del feminismo gallego y la loa de la mujer gallega en la emigración.

Los hijos de Manuel Rodríguez, Enrique y Santiago, también asistieron al acto. Santiago fue el encargado de tomar la palabra en nombre de la familia para agradecer la asistencia tan numerosa “de tantos amigos como mi padre tenía en el Centro Gallego y en otros”. También dijo unas hermosas palabras el amigo personal y poeta gallego, Xosé Lois García, que destacó la buena voluntad que tenía su amigo al servicio de la comunidad para hacer llegar las noticias de esta emigración a la prensa gallega.

Como cierre final del acto, tomó la palabra el Secretario Xeral de Política Lingüística de la Xunta, Valentín García Gómez, quien destacó “la importancia que tuvo para nuestra lengua la obra de

Manuel Rodríguez” y aprovechó para animar a los asistentes a “leer y disfrutar de sus poemas y cuentos que tienen las raíces en lo más profundo nuestra tierra”.

Antes de dar fin el acto y pasar a tomar un aperitivo gallego, de nuevo el cantautor Alfredo González Vilela, interpretó una cantiga de ciego, sobre un poema de Manuel Rodríguez, que narra la historia de Lugo como ciudad fortificada allá por el año 460 de nuestra era, y en la que ya se avistaba el nacimiento de una nación unida y consolidada.

Entre los invitados se encontraban Xavier Cortés Morrós, Responsable de Relaciones con las Cases Regionals; Xosé Carlos García González, presidente de Junta Gallega; Domingo Balboa Amor, presidente de la Federación de Entidades Gallegas en Cataluña; Manuel Rodríguez Julián, directivo del Centro Gallego de Cornellá “Rosalía de Castro”, así como presidentes y directivos de muchas otras entidades, amigos y familiares del autor.

Opinión en Galicia

Manuel Rodríguez, de novo en Barcelona

viernes, 17 de octubre de 2014



Aínda que o poeta Manuel Rodríguez López nunca se foi de Barcelona, nin da memoria dos galegos que o coñecemos e tratamos, o pasado sábado día 11 volveu nun memorial itinerante que percorreu varias cidades galegas e foi acollido polo Centro Galego de Barcelona, a súa casa natural, vivencial e emocional do poeta que agora acolle unha exposición de fotografías da súa vida, coa súa familia e varias autoridades das letras galegas, así como puntuais documentos que nos fan reencontrar cun autor en verso e prosa, que expresou e matizou distinguidos encontros co agromar esencial de Galiza.

Unha exposición pedagóxica e, aínda iniciática, para un diálogo co poeta que nos serve de extensas referencias, no humano e no existencial, que se clarifica nese portento fotográfico que nos dá a medida dun peregrinaxe

por varias instancias da vida e do bo facer dun poeta que non podemos ignorar. Digo isto porque esta Galiza, metida en tantos transos, acostuma a esquecer persoas publicas e implicadas no ben común, na cultura e na defensa dos galegos, como é o caso de Manolo Rodríguez López.

Na inauguración desta exposición estivemos os que quixemos estar co sentimento en recendo de flor de alborada, outros non cabían. Así o salón de actos do Centro Galego estivo rebordado dun público que o coñeceu e que aínda perdura a saudade desa ausencia que deixan os “bos e xenerosos”; os implicados na causa da galegitude e na defensa do propio.

Os que participaron nas palestras (presidida por Irene, a súa viúva e coa presenza dos seus fillos Enrique e Santiago) clarificaron varios elementos moi puntuais e necesarios para entender a Manolo Rodríguez López, desde a destacada introdución de Xulio Xiz á figura de Manolo, do presidente do Centro Galego e de Valentín García, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Non faltaron as evocacións enviadas polo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, e do alcalde de Paradela.

Non podemos entender a emigración galega en Cataluña sen o soporte difusor de Manolo, nesa crónica convertida en libro que nos descubre o potencial galego en diversas profesións, intelectuais e académicos en Cataluña. Ou esoutra participación da vida barcelonesa feita á medida dos galegos.

Manuel Rodríguez López foi un traballador da palabra e da descuberta de temas populares, como as realidades e vivencias da xente de aldea, da súa Paradela natal. A Paradela telúrica e ancestral, por onde o río Loio, en súas viravoltas, describe unha paisaxe humanizada, onde o home non é orfo de súa permanencia como creador de cultura e de país.

Lembramos, con entusiasmo, ao Manolo bulidor e nunca quedo que nos deixou libros sobre o seu andar e ver, ao lado de Ánxel Fole. Outra panorámica humanista sobre o grande escritor lugués, por diversas terras de Galiza que nos veu da escrita do escritor de Paradela. Un libro de itinerancias, onde o traballo de campo, in situ, testemuña esa elocuencia dun autor que continúa presente en Barcelona e en tódalas xeografías galegas.



García, Xosé Lois

la mirilla

[Francisco Albo](#)

15 de octubre de 2014 04:55



Xosé Lois García (segundo por la izquierda) en un homenaje al escritor Manuel Rodríguez en Barcelona

Homenaje en Barcelona

4 El pasado fin de semana se inauguró en el Centro Galego de Barcelona una exposición de homenaje al escritor paradelense Manuel Rodríguez López, que pasó muchos años en Cataluña. Entre los que hablaron en el acto de apertura estaba otro escritor, el chantadino Xosé Lois García, que también pasó gran parte de su vida en Barcelona. En el acto también participaron Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, y Xavier Cortés, responsable de las relaciones de la Generalitat con los centros de otras comunidades.

A exposición sobre a vida e a obra do paradelés Manuel Rodríguez López pode verse en Barcelona

A exposición itinerante que afonda na figura e na obra do escritor de Paradela ‘Manuel Rodríguez López, emigrante galego, poeta obreiro’ pode verse xa no Centro Galego de Barcelona. Esta é a primeira parada dun percorrido que esta exposición realizará nos vindeiros meses por Cataluña, respondendo á fonda pegada que estas terras deixaron no autor ó longo da súa vida. No mesmo acto presentaranse tamén as publicacións “Manuel Rodríguez López”, que recolle os contidos dos dezaseis paneis da exposición, e “Antoloxía”, elaborada por Santiago Rodríguez e Xesús Alonso Montero, que inclúe un comentario do profesor e presidente da Real Academia Galega. A mostra está formada por 8 paneis dobres nos que se expoñen de xeito moi gráfico anacos da vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto do seu concello natal. •

Notas de prensa

Acto do Centro Galego de Barcelona en Lugo

O seu Presidente, Manuel Carrete, entrega o título de honra a título póstumo ao escritor Manuel Rodríguez López. O venres, día 7 de novembro, ás oito do serán, na Galería Sargadelos de Lugo, o presidente do Centro Galego de Barcelona, Manoel Carrete, vai facer entrega do título de Socio de Honra do Centro, a título póstumo, ao escritor Manuel Rodríguez López. A distinción será recibida pola súa viúva Irene López, e polo seu fillo Enrique Rodríguez.



Manuel Rodríguez López, cronista dos galegos en Catalunya e do centro galego, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, foi o vencello entre os galegos da emigración catalana e a súa Galicia natal, cunha importante obra poética e narrativa na que destaca a constante preocupación polos temas obreiros e labregos, e a permanente divulgación do labor cultural e social dos galegos afincados en Catalunya.

O pasado 11 de outubro inaugurouse no Centro Galego de Barcelona a exposición "MANUEL RODRÍGUEZ LOPEZ, emigrante galego, poeta obreiro", promovida por Galicia Digital e a familia do escritor, coa colaboración do concello de Paradela, Xunta de Galicia, Vicepresidencia da Deputación Provincial de Lugo, concello de Lugo e Real

Academia Galega. Con motivo da apertura desta mostra, a directiva do Centro Galego acordou nomear socio de honra a título póstumo ao que fora socio distinguido e o seu cronista oficial. Esa distinción efectúase agora na capital lucense.

Teñen confirmada a súa participación o Presidente do Centro Galego de Barcelona, Manoel Carrete; Alcalde de Paradela, José Manuel Mato; e Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística. Neste acto recitará dous poemas de Manuel Rodríguez López o escritor lucense Xavier Rodríguez Barrio, e a familia expresará o seu recoñecemento en palabras da viuva de Manuel Rodríguez, e a través dunha mensaxe do profesor Santiago Rodríguez, fillo do homenaxeado, desde Bristol (Reino Unido).

X.X., 2014-11-06